

Autor e ilustrador: **RAMÓN TRIGO**

Encadernado en cartóné  
 40 páxinas a toda cor. 26x26 cm.  
 Dispoñible en:

- Galego: "As luces que se acenden e se apagan"  
 ISBN 978-84-8464-552-8
- Castelán: "Las bombillas que se encienden y se apagan"  
 ISBN 978-84-934641-1-0

Prezo: 15 €

## AS LUCES QUE SE ACENDEN E SE APAGAN

**Lusco tiña moitos botes de pintura, unha brocha e... unha luz enriba da cabeza. Pero el non sabía que facer con todo aquilo. Un día a luz acendéuselle.**


As dúbidas e curiosidades dos lectores sobre o proceso creativo dunha obra de arte teñen resposta grazas a este libro, o primeiro que escribe Ramón Trigo. O autor explica, cunha linguaxe sinxela, que calquera traballo relacionado coa creación é unha sucesión constante de probas e erros ata que se acada o resultado desexado. A pintura é o claro exemplo deste debate dialéctico do artista coa súa propia incertidume.

E cando está seguro o pintor de que a súa obra está rematada? "Nunca", responde Ramón Trigo. A súa forma de traballar non é de todo metódica, pero os bosquexos -"moitísimos bosquexos", matiza- son unha ferramenta clave do proceso creativo. Porque as ilustracións "non xurden por arte de maxia", explica o artista.

As lámpadas son o elemento simbólico deste libro; representan o bulir de ideas que se produce na mente de Lusco: dende un bodegón, ata unha paisaxe, pasando por un retrato ou un cadro mariño, nada satisfai a este creador inconformista. Lusco invita ao lector a ver máis aló dun simple lenzo: "Detrás dese cadro está todo o que el quere pintar". E todo o que o lector queira imaxinar.

**RAMÓN TRIGO** (Vigo, 1965)

Con 18 anos publicaba os seus traballos como ilustrador e debuxante de cómic en xornais e revistas especializadas. As súas primeiras obras pictóricas datan de 1986; dende entón adicase á ilustración de libros e a expoñer as súas obras. Entre os seus álbums máis destacados figuran o álbum ilustrado "O pirata pata de lata" (Kalandraka) e a novela gráfica "O burato do inferno" (Faktoria K). Traballou en Alemaña, Francia e Portugal. Recibiu numerosos galardóns, como o segundo premio Eixo Atlántico de pintura, o premio do II Concurso Internacional Álbum Infantil do Cabildo de Gran Canaria e o 1º Premio Internacional de Álbum Ilustrado Cidade de Alicante. En 2005 expuxo no Parlamento Europeo de Bruxelas a serie "Mar de fondo".



- **Temática:** arte
- **Idade recomendada:** dende 8 anos
- **Técnicas:** mestura de pigmento e cola, collage, tinta, acrílico e témperas
- **Aplicacións:** achegarlles aos lectores as complexidades que rodean o proceso creativo, inicialos en conceptos básicos (como as temáticas dos cadros), afondar no oficio do artista; do ilustrador de "O burato do inferno" (Faktoria K) e "O pirata pata de lata" (Kalandraka)

